



INFORMACIÓN
5º -6º EDUCACIÓN INFANTIL
CURSO 2020/2021

CEIP AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO

Ó longo da Etapa de Educación Infantil preténdese que os nen@s:



- Alcancen capacidades cognitivas, afectivas, sociais,..
- Que adquiran hábitos e destrezas
- Que adquiran autonomía por medio do desenvolvemento motriz
- Que estimulen todas as formas de comunicación, sendo a primeira de todas a linguaxe verbal. É importante que se acostumen a escoitar e que creen hábitos de lectura, para que no futuro sexan bos lectores.



COMO NOS ORGANIZAMOS:

- Distribución da Aula: Debido a situación xerada polo Covid-19 priorizarase o traballo individual e en pequeno grupo (compañeiros de mesa).
- Traballos : Remataremos os traballos pendentes do ano pasado, seguiremos traballando por proxectos ademáis dos libros que vos pedimos neste curso.
- Recreos: Serán no patio con zonas delimitadas para cada aula. Os días de choiva quedaremos na aula.



PLURILINGÜISMO EN 5º e 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL



Será impartido, en principio nunha sesión semanal, por unha mestra con titulación B2 co perfil adecuado, dunha forma lúdica con actividades musicais e de movemento. Acompañará a esta mestra unha auxiliar de conversa designada pola Consellería segundo a súa disponibilidad horaria.



METODOLOXÍA

Lúdica e globalizadora. A través do xogo vamos adquirindo novos contidos. A motivación é esencial para a posterior aprendizaxe.

Sempre partimos do nivel evolutivo de cada nen@. Hai que evitar comparanzas, cada nen@ ten unha evolución distinta e un ritmo diferente o cal non implica maior ou menor intelixencia.



ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL EN CASO DE CONFINAMENTO


- Realizarémola polos seguintes medios :
 - páxina web do colexio
 - aula virtual
 - correo electrónico
 - abalar
 - os medios telemáticos que nese momento nos propoña a Consellería de Educación.



AVALIACIÓN

Realizarase día a día, mediante a observación directa do nen@, prestándolle axuda sempre que necesite.

Ao final de cada trimestre levarán os traballos realizados durante o mesmo e un informe individualizado cos resultados da avaliación, sempre e cando as circunstancias o permitan.



NORMAS BÁSICAS

- Roupa cómoda.
- Uso recomendado de mascarilla. Unha de reposto na mochila, nunha funda co seu nome.
- Roupa lixeira por debaixo do mandilón para non suar na clase.
- Zapatos ou tenis con velcro, cremalleira ou fibela.
- Traer chándal e tenis os días de psicomotricidade. Xa informaremos dos días.
- Marcar co nome e apelidos as prendas de “quita e pon”
- Traerán unha mochila sen rodas e que se poida colgar na silla para traer a comida do recreo.
- É aconsellable traer froita ou bocadillo e unha botelliña de auga (nunca bebibles).
- Revisar periódicamente o pelo para evitar contaxio de piollos.
- Os aniversarios celebraremos na aula con diversas actividades. Non están permitidas nin chuches, nin outro tipo de alimentos. A razón é o aumento considerable de alerxias e intolerancias na poboación infantil.




- Cando o neno esté tomando algún medicamento que poida afectar a súa actitude escolar deben comunicarllo á titora.
- Notificar cun certificado médico as alerxias.
- Os nen@s de comedor ou de uso esporádico, notificarán á titora se se quedan ou non (NO CASO DE QUE HAXA ALGÚN CAMBIO).
- Non se debe traer ningún xoguete da casa.
- Non se traerán paraugas ao colexio.
- Non se deben traer reloxo, colares...que poden ser causa de afogo.
- Comunicar cambios nos seguros médicos.
- Comunicar cambios na estrutura familiar con problemas de custodia.
- Traer ó colexio unha copia da tarxeta da seguridade social ou seguro privado.
- Comunicarase cambios en relixión/alternativa.
- Cubrir autorización de fotos, cambios nos teléfonos de contacto e autorización para as recollidas dos nenos/as para este curso que enviaremos a través do alumnado.



NORMAS E RECOMENDACIÓNS ANTE A SITUACIÓN ACTUAL DO COVID-19

- **Entradas e saídas:** Este curso entraremos ás 8:50h á aula polo patio de infantil. Só poderán vir acompañados por un adulto seguindo en todo momento ás recomendacións sanitarias.
O alumnado de 6º EI accederá á aula el só dende a cancela do patio de infantil.
O alumnado de 5º de EI accederá ata a porta da súa aula acompañados dun adulto que abandonará de inmediato o recinto escolar (polo menos durante o primeiro trimestre).
- Ás 13:50h entregaremos ós alumnos na cancela amarela do patio de infantil e o alumnado de comedor será recollido polas monitoras 15 minutos antes.
- Se algún neno presenta síntomas compatibles co Covid-19 non poderá acudir ó centro.
- **Mandilón:** Todos os nenos traerán o mandilón posto da casa e levarano de volta cada día. Terá que vir limpo todos os días. Os alumnos de comedor usarán ese mesmo mandilón.
- **Cambios de mudas:** Non se mudará a ningún neno no colexio. Chamarase a casa para que veñan cambialo.
- **Faltas de asistencia e puntualidade:** Xustificaránse a través de ABALAR.

Cando por motivo xustifico teñan que recoller ó neno/a antes da hora de saída, deben comunicalo á conserxe ou á titora. Se é en horario de comedor ás monitoras. En calquera destes supostos deben cubrir e firmar o documento que xustifique a saída do centro.



- Titorías: Martes de 16:00h a 17:00h. Habrá que pedir cita a través de ABALAR ou telefónicamente. Serán non presenciais, vía telefónica ou telemática. Só en casos excepcionais poderán ser presenciais.

- NOTA:

O primeiro día de clase, todo o material (lápiz, pinturas, libros...) deberá vir co nome do neno/a en maiúsculas e metido nunha bolsa de plástico que tamén traerá o nome e curso por fóra.

Deberán traer un bote de plástico con tapadeira dun 200/250ml aproximadamente para gardar a súa bola de plastilina.

IMPRESINDIBLE FACILITAR UN TELÉFONO DE EMERXENCIA QUE SEMPRE ESTEA OPERATIVO.



HORARIO ESCOLAR

- 5º EI: DÍA 10 DE SETEMBRO de 8:50 a 13:50
- 6º EI: DÍA 11 DE SETEMBRO de 8:50 a 13:50
- ATENCIÓN TEMPERÁ A PARTIR DAS 7:30
- COMEDOR: PENDENTE DE PROTOCOLO COVID PERO NON AFECTARÁ Á SAÍDA.

